

# AYUNTAMIENTOS

## PONTEVEDRA

*Anuncio polo que se convocan os procesos selectivos e se da publicidade ás bases xerais e específicas que rexen a convocatoria dos procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no concello de Pontevedra, incluídas na oferta de emprego público 2008.*

O Concelleiro responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Actividade Económica mediante resolución do 8 de febreiro de 2010 convocou os procesos selectivos que a continuación se sinalan:

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A1. Clasificación: Escala de Administración Xeral, subescala técnica. Número de vacantes: 2. Denominación: Técnico.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A2. Clasificación: Escala de Administración Xeral, subescala xestión. Número de vacantes: 1. Denominación: Técnico medio de xestión.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: C. Subgrupo C1. Clasificación: Escala de Administración Xeral, subescala administrativa. Número de vacantes: 11. Denominación: Administrativo.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: C. Subgrupo C2. Clasificación: Escala de Administración Xeral, subescala auxiliar. Número de vacantes: 2. Denominación: Auxiliar.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A1. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Técnicos Superiores. Número de vacantes: 1. Denominación: Enxeñeiro de camiños, canles e portos.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A1. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Técnicos Superiores. Número de vacantes: 1. Denominación: Arquitecto.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A1. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Técnicos Superiores. Número de vacantes: 1. Denominación: Biólogo.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A2. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala técnica, clase Técnico Medio. Número de vacantes: 1. Denominación: Aparellador-Arquitecto Técnico.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A2. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala técnica, clase Técnico Medio. Número de vacantes: 1. Denominación: Técnico Medio en Medio Ambiente

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A2. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala técnica, clase Técnico Medio. Número de vacantes: 1. Denominación: Técnico Medio en Medio Ambiente Natural

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: Agrupación Profesional. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase Cometidos Especiais, Número de vacantes: 2. Denominación: Vixiante.

Os ditos procesos selectivos réxense polas “Bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no concello de pontevedra incluídas na oferta de emprego público do 2008” aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra na sesión que tivo lugar o 8 de xaneiro de 2010 e que se transcriben neste anuncio.

**“BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES NO CONCELLO DE PONTEVEDRA INCLUIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO 2008.**

### A) BASES XERAIS

#### 1ª NORMAS XERAIS

As presentes bases xerais rexerán os procesos selectivos que se convoquen para cubrir as prazas vacantes de funcionarios de carreira, rexéndose, ademais polas bases específicas que para cada convocatoria se aproben.

A provisión en propiedade de prazas de funcionarios de carreira vacantes no cadro de persoal do Concello de Pontevedra do ano 2008, incluídas na oferta de emprego público publicada no Boletín Oficial da Provincia núm 11 do 19 de xaneiro de 2009, son as seguintes:

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A1. Clasificación: Escala de Administración Xeral, subescala técnica. Número de vacantes: 2. Denominación: Técnico.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A2. Clasificación: Escala de Administración Xeral, subescala xestión. Número de vacantes: 1. Denominación: Técnico medio de xestión.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: C. Subgrupo C1. Clasificación: Escala de Administración Xeral, subescala administrativa. Número de vacantes: 11. Denominación: Administrativo.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: C. Subgrupo C2. Clasificación: Escala de Administración Xeral, subescala auxiliar. Número de vacantes: 2. Denominación: Auxiliar.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A1. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Técnicos Superiores. Número de vacantes: 1. Denominación: Enxeñeiro de camiños, canles e portos.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A Subgrupo A1. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Técnicos Superiores. Número de vacantes: 1. Denominación: Arquitecto.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A1. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Técnicos Superiores. Número de vacantes: 1. Denominación: Biólogo.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A2. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala técnica, clase Técnico Medio. Número de vacantes: 1. Denominación: Aparellador-Arquitecto Técnico.

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A2. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala técnica, clase Técnico Medio. Número de vacantes: 1. Denominación: Técnico Medio en Medio Ambiente

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A2. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala técnica, clase Técnico Medio. Número de vacantes: 1. Denominación: Técnico Medio en Medio Ambiente Natural

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: Agrupación Profesional. Clasificación: Escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase Cometidos Especiais, Número de vacantes: 2. Denominación: Vixiante.

O sistema de selección dos aspirantes será o de oposición ou concurso-oposición, segundo se dispoña nas bases específicas que rexan a convocatoria.

### 2ª PUBLICIDADE DAS CONVOCATORIAS

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo publicarase anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

De conformidade co seu carácter de actos de tramite cualificados, as resolucións aprobatorias das bases e da convocatoria poderán ser impugnadas mediante a interposición dos recursos procedentes segundo a lexislación procedemental común e a reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

### 3ª CONDICIÓN XERAIS DOS ASPIRANTES

Para seren admitidos á realización das probas selectivas, de conformidade co establecido no artigo 56 da Lei 7/2007, de 12 de abril, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, ademais dos que se establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas.

- a) Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público.

- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- e) Non atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para os empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado.
- f) Estar en posesión da titulación que se fixe nas bases específicas das respectivas convocatorias ou estar en condicións de obtela, na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

- g) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- h) Ter ingresado na conta de Caixanova núm. 2080 0406 98 0040101639 as cantidades establecidas na base 6ª das presentes bases en concepto de dereitos de exame.
- i) Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos, ata a data do nomeamento.

### 4ª FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ACHEGAR PARA A FASE DE CONCURSO

Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición, os aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo, a través de orixinal ou copia compulsada.

Para a xustificación dos méritos o aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá achegar no devandito prazo a correspondente solicitude ou copia compulsada, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedi-

da. En todo caso, non procederá a súa valoración senón fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración do concurso.

O tribunal poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados e sen xustificación nos termos establecidos nos dous parágrafos anteriores.

Como excepción, se o mérito que se alega é ter prestados servizos no Concello de Pontevedra, bastará con facelo constar na solicitude indicando a data ou datas de inicio e finalización dos servizos ao Concello e o departamento, servizo ou unidade en que se prestaron. No caso contrario deberase achegar a correspondente certificación dos servizos prestados por parte do aspirante.

#### 5ª PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As instancias dirixiranse ao Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pontevedra, e presentaranse no Rexistro Xeral no prazo dos 20 días naturais a partir do seguinte a aquel en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. A instancia conterà, polo menos, os datos persoais do solicitante, co seu enderezo e a denominación da praza convocada a que opta, achegando unha copia compulsada do DNI e xustificación do pagamento dos dereitos de exame.

Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición, ademais do establecido no parágrafo anterior, haberá que estar ao disposto na base cuarta.

Poderanse facilitar modelos normalizados das devanditas solicitudes.

Así mesmo, tamén poderán presentarse nas demais formas que determina o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que a remitirán seguidamente ao organismo competente.

Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, de ser o caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

Os aspirantes quedan vencellados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio ben a instancia de parte.

Na solicitude deberá facerse constar expresamente a quenda pola que se presenta o aspirante cando se convoque conxuntamente (libre, promoción interna)

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

#### 6ª DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para participar nas probas selectivas convocadas o aboamento dos dereitos de exame de conformidade co establecido na base terceira na conta da entidade Caixanova núm. 2080 0406 98 0040101639. No xustificante de aboamento, que se deberá achegar á solicitude de participación no correspondente proceso selectivo, deberase facer constar o nome e apelidos do aspirante así como a praza á que opta. As cantidades a aboar en concepto de dereitos de exame, en función da praza á que opte o aspirante, son as seguintes:

- Prazas integradas no grupo A, subgrupos A1 e A2: 31,73 euros.
- Prazas integradas no grupo C, subgrupos C1e C2: 15,87 euros.
- Prazas integradas na Agrupación Profesional: 15,87 euros.

Os dereitos de exame seranlles reintegrados, a petición dos interesados, aos aspirantes que fosen excluídos definitivamente da listaxe de admitidos.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

#### 7ª ADMISIÓN

Rematado o prazo de presentación de instancias, o concelleiro con competencias na materia resolverá aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos cos motivos da exclusión, así como a designación do tribunal cualificador.

A resolución publicarase no BOP e no taboleiro de editos da corporación, concedéndose un prazo de 10 días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais.

A publicación de dita resolución no BOP será determinante para efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade coa lexislación vixente.

A lista provisional elevarase a definitiva transcorrido o prazo de reclamacións se non as houbera. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución estimándoa ou desestimándoa. A resolución pola que se fixa definitivamente a lista de admitidos e excluídos publicarase no BOP e no taboleiro de editos do Concello, así

como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación e a hora, lugar e data en que se constituirá o tribunal e darán comezo as probas do correspondente proceso selectivo.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

#### 8ª TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe o Concelleiro con competencias na materia, publicándose a súa composición consonte o disposto na base sétima, coa lista provisional de admitidos e excluídos a cada proceso selectivo.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que este pertencen, limitándose estes a prestar colaboración é as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 102 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interporse recurso ante a autoridade que nomee ao seu Presidente.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos aspirantes minusválidos, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes, nos termos establecidos na normativa vixente.

#### 9ª CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS SELECTIVAS

Os procedementos de selección, en fase de oposición, consistirán en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, podendo consistir en test, probas desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e funcións dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas. Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos aspirantes. Os exercicios que deberán realizar os aspirantes en cada proceso selectivo e os méritos a ter en conta, de ser o caso, na fase de concurso, determínanse e descríbense nas bases específicas.

#### 10ª COMEZO DOS EXERCICIOS

A data, a hora e o lugar na que deba constituírse cada tribunal, así como o día, hora e lugar para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas e, de ser o caso, para a cualificación dos méritos alegados, anterior a fase de oposición,

anunciarse no BOP e no taboleiro de editos da corporación xunto coa resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos e excluídos segundo se sinala na base sétima.

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal no taboleiro de editos da corporación con 24 horas de antelación cando menos a tal realización.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único; perderán o seu dereito os opositores que non comparezan cando se realice.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

Nos concursos-oposicións comezarase pola fase de concurso. O tribunal deberá reunirse antes do primeiro exercicio da oposición para proceder á valoración e cualificación dos méritos achegados e xustificadas polo aspirante. A cualificación da fase de concurso deberá publicarse no taboleiro de editos da Casa do Concello antes do inicio do primeiro exercicio da oposición.

As prazas convocadas reservadas para a súa provisión mediante o sistema de promoción interna acumularanse ás prazas convocadas pola quenda de oposición libre no suposto de non provístase por aquel procedemento, salvo no caso de convocatorias independentes de promoción interna.

#### 11ª. *DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS*

En calquera momento o tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa identidade.

A orde de actuación dos opositores para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de forma simultánea iniciarase alfabeticamente polo primeiro da letra V, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de xaneiro de 2008, pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na resolución da mesma consellería do 17 de xaneiro de 2008 (DOG nº 16, do 23 de xaneiro).

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá propor ao Concelleiro competente na materia a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente o tribunal fará pública, no taboleiro de editos do Concello, a relación de aspirantes que o superasen coa indicación da puntuación obtida.

Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que os membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os opositores, agás a lectura polos opositores dos exercicios escritos, cando así estea establecido nas bases específicas de cada proceso selectivo ou, chegado o caso, cando o acorde o tribunal, que se realizarán en sesión pública. Neste caso, o aspirante que non acuda á lectura pública será declarado non apto e polo tanto eliminado do proceso selectivo.

Dende a total terminación dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días naturais.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

#### 12ª *CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN*

Cada un dos exercicios dos procesos selectivos puntuaranse de conformidade co sinalado nas bases específicas correspondentes a cada proceso selectivo.

#### 13ª *CUALIFICACIÓN DOS MÉRITOS*

Na fase de concurso dos concursos-oposicións comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos aspirantes, os cales deben estar xustificadas de maneira fidedigna con documentación orixinal ou copia compulsada acreditativa dos mesmos.

Nesta fase valoraranse os méritos específicos adecuados ás características de cada praza entre os que están:

- A experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas relacionadas coas funcións propias da praza convocada.
- A formación profesional acreditada con cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto de traballo.
- A formación académica, non esixida para o ingreso, que, a xuízo do tribunal, acredite unha maior formación profesional relacionada co desenvolvemento do posto de traballo.

Así mesmo, na valoración dos méritos terase en conta o disposto no artigo 38 da Ley 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Na fase de concurso só se valorarán e cualificarán os méritos alegados e xustificadas que figuren incluídos nas bases específicas de cada proceso selectivo puntuándose de conformidade co baremo sinalado nestas.

A cualificación dos méritos na fase de concurso será previa á fase de oposición, e as puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de edictos da Casa do Concello antes do comezo do primeiro exercicio da fase de oposición.

A puntuación obtida na fase de concurso non terá carácter eliminatorio, e non poderá terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición.

#### 14ª CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

Á cualificación obtida polos aspirantes resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios, sumaráselle a que corresponda aos exercicios obrigatorios non eliminatorios e, no seu caso, a puntuación outorgada na fase de concurso, obténdose así a puntuación final.

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de edictos da Casa do Concello.

O tribunal en ningún caso poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

Non obstante, o tribunal ao cualificar cada un dos exercicios non terá en conta a limitación anterior, a cal só se terá en conta para formularlle ao Concelleiro competente na materia a proposta coa relación de aprobados na que só se incluírán aqueles aspirantes que obtivesen maior puntuación final, os cales nunca poderán superar o número de prazas convocadas en cada proceso selectivo.

A proposta do tribunal terá carácter vinculante.

No suposto de empate nas puntuacións finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fose abondo, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva.

De persistir o empate este resolverase mediante sorteo. Esta forma de desempate non será aplicable aos procedementos selectivos polo sistema de promoción interna que se rexerán polo establecido na base 15.

#### 15ª QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

A promoción interna consiste no ascenso desde corpos ou escalas dun subgrupo de titulación a outro do inmediato superior, ou grupo de clasificación profesional no suposto de que este non teña subgrupo, sempre que se trate de prazas de contido similar e se faga constar nas bases específicas mediante a superación de probas determinadas establecidas para o efecto.

A promoción realizarase de conformidade co establecido nas presentes bases e nas específicas correspondentes a cada proceso selectivo e demais da normativa que resulte de aplicación, cuxa convocatoria se realizará de forma independente ou conxuntamente coas de quenda libre segundo establezan as bases específicas do correspondente proceso selectivo.

A puntuación outorgada na fase de concurso por cada apartado determinarase nas bases específicas da convocatoria. A puntuación total da fase de concurso non poderá ser superior ao 40% da puntuación total do proceso selectivo.

A suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na oposición determinará a orde da relación de aprobados sen prexuízo do que determine a lexislación específica para cada tipo de proceso.

No caso de empate, este resolverase a favor do aspirante que conte con maior puntuación na fase de oposición; de persistir, o de maior antigüidade e por último o de maior idade.

16ª Achega de documentos polos aspirantes propostos polo tribunal cualificador.

A relación de aprobados, publicada no taboleiro de edictos da Casa do Concello, conterà unha advertencia recordándolles aos opositores propostos que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

Os aspirantes propostos achegarán dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Documento nacional de identidade mediante fotocopia compulsada por ambos os lados.
- Certificación de nacemento expedida polo Rexistro Civil correspondente.
- Título oficial esixido para o ingreso ou copia autenticada, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).
- Certificado médico sen prexuízo de posterior recoñecemento.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións públicas e de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente así como de non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial nos termos establecidos nos apartados d) e) e g) da base terceira referida as condicións xerais dos aspirantes.

- Fotocopia da cartilla da seguridade social e número de conta bancaria.
- Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos esixidos os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Quen non presentase a documentación esixida dentro do prazo fixado, agás causa de forza maior, non poderá ser nomeado funcionario de carreira nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos.

Os aspirantes propostos que tivesen a condición de funcionarios públicos estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar soamente unha certificación acreditativa da súa condición de funcionarios e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Se dentro do prazo indicado as aspirantes propostos non presentasen a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incurrir por falsidade.

#### *17ª NOMEAMENTO DOS FUNCIONARIOS E TOMA DE POSESIÓN*

Concluído o proceso selectivo, os aspirantes propostos, que en ningún caso poderán exceder o número das prazas convocadas, serán nomeados funcionarios de carreira polo Concelleiro competente na materia unha vez xustificado documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

Os nomeamentos efectuados publicaranse no Diario Oficial de Galicia sen prexuízo da súa toma de posesión unha vez practicada a notificación persoal do nomeamento.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de un mes, contado dende o día seguinte á notificación do nomeamento; previamente deberán prometer ou xurar o cargo na forma establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril. De non tomar posesión no prazo indicado os nomeados quedarán na situación de cesantes, a non ser que presenten causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

Os funcionarios municipais que sexan nomeados para a provisión dunha praza inmediatamente superior polo sistema de promoción interna deberán tomar posesión da mesma no prazo de dez días contados dende o día seguinte á notificación do nomeamento.

Por dilixencia, farase constar na toma de posesión a manifestación do interesado de non vir desenvolvendo ningún posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade, así como de non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro e orfandade por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social, público e obrigatorio. De estar a desenvolver unha actividade incompatible coa nova, terá que optar por unha delas dentro do prazo de toma de posesión.

#### *18ª CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES*

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

#### *19ª INCIDENCIAS*

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

#### *20ª RÉXIME XURÍDICO*

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; o Texto refundido da lei de función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; e demais disposicións.

#### *21ª DISPOSICIÓN FINAL*

As bases xerais e específicas da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico

das administracións públicas e procedemento administrativo común, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa segundo corresponda.

Así mesmo a Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais de conformidade co previsto na citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

## 22ª ELABORACIÓN DE LISTAS DE RESERVA

Os opositores que superen todos os exercicios e non obteñan praza, poderán incluírse, de oficio, nas listas que se confeccionen para cubrir necesidades de emprego de carácter interino ou temporal, segundo a mesma orde de puntuación que obtivesen na oposición. Asemade poderán ser chamados nos mesmos termos para prover temporalmente postos reservados ao persoal laboral, cando o seu grupo, categoría e funcións sexan as mesmas.

Estas listas, de confeccionarse, estarán en vigor ata que se realice un novo proceso selectivo, coa finalidade de prover en propiedade os postos correspondentes ás categorías das que se trate e, en todo caso, por un prazo máximo de 3 anos.

Sen prexuízo de que, con anterioridade, conorra algunha das causas que motive o cesamento de calquera funcionario interino de conformidade coa lexislación vixente, á finalización de cada proceso selectivo, todos os funcionarios interinos que ocupen postos de traballo correspondentes ás categorías das prazas convocadas cesarán automaticamente, e perderán vixencia todas as listas de interinos correspondentes ás categorías das prazas convocadas xeradas a partir de procesos selectivos de toda clase anteriores a presente convocatoria.

## B) BASES ESPECÍFICAS

### 1.—DUAS PRAZAS DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL

#### PRIMEIRA. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS

Convócanse dúas (2) prazas de técnico de administración xeral, encadradas dentro da subescala técnica da escala de administración xeral, e integradas dentro do grupo A, subgrupo A1, dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e ás retribucións complementarias correspondentes aos postos aos que se adscriban as prazas.

Figuran incluídas dentro do réxime de dedicación exclusiva.

#### SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese como sistema de selección o de oposición libre.

## TERCEIRA. CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES

Ademais dos requisitos esixidos na base terceira das xerais, os aspirantes deberán estar en posesión do título de licenciado en dereito, ciencias políticas, económicas ou empresariais, intendente mercantil ou actuario.

## CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

### A) PRIMEIRO EXERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá en desenvolver por escrito, no prazo máximo de tres horas, un tema de carácter xeral, determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio e relacionado co programa establecido na base quinta, aínda que non se ataña ao epígrafe concreto do mesmo. Os aspirantes terán ampla liberdade no tocante á forma de exposición valorándose a formación xeral, a claridade de ideas, así como o rigor e precisión na exposición. Este exercicio puntuaranse de cero (0) a dez (10) puntos sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente, ante o tribunal, en sesión pública.

### B) SEGUNDO EXERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de tres horas, a catro temas determinados ao chou polo tribunal de entre os comprendidos no programa establecido na base quinta, dous correspondentes á segunda e terceira parte, e outros dous correspondentes á cuarta e quinta parte. Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos. Este exercicio puntuaranse de cero (0) a dez (10) puntos sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente, ante o tribunal, en sesión pública.

### C) TERCEIRO EXERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E NON ELIMINATORIO, SOBRE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO

Consistirá, a elección do tribunal, na redacción dun informe, texto ou nun ditado en relación coas funcións do posto durante un tempo máximo de 30 minutos. Neste exercicio valorarase a corrección gramatical e estilística, así como o emprego dun léxico adecuado ao tema exposto.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a tres (3) puntos.

### D) CUARTO EXERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Desenvolverase por escrito, durante un período máximo de catro horas, e consistirá na redacción dun informe, con proposta de resolución, sobre un